



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

Resolución de aprobación relación definitiva de Admitidos e Excluidos e nomeamento do Tribunal cualificador do proceso selectivo para a contratación en réxime laboral temporal dun monitor deportivo no Concello de Bueu para a execución do programa Bueu Concello saudable 2019/2020

Antecedentes administrativos:

- Proposta de incoación para a contratación en Réxime Laboral temporal de un monitor deportivo no Concello de Bueu para a execución do Programa Bueu Concello Saudable 2019/2020 asinada electronicamente con data 9/8/2019 Cod. Validación: AWQAT2N7LX9F43KJCEMNS7PSQ
- Proposta para aprobación do programa Bueu saudable 2019-2020 de data 09-09-2019 Cod. Validación: 5WSRYYT4Y9DZXKW2C53L74CZY
- Consta cálculo do custo salarial para a contratación por un período de 9 meses Cod. Validación: 9KKATLHLM52ELKNP23GGWH4ST
- Informe de secretaría núm 2019-0067 do 13/9/2019 co Cod. Validación: 537YSHM5W4YJ54X9C77ZNSNC9
- Consta informe de Intervención Municipal 2019-0171 Cod. Validación: ANGA97LTCW6DMA56QM6JPXGDM
- Bases da convocatoria para a contratación laboral temporal dun monitor deportivo no Concello de Bueu para a execución do Programa Bueu, Concello Saudable 2019-2020
- Resolución de Alcaldía 2019-1326 de 17.09.2019 de aprobación das Bases da Convocatoria
- Anuncio bop de pontevedra 26.09.2019 que publica a convocatoria para a contratación dun monitor deportivo no Concello de Bueu (PROGRAMA BUEU CONCELLO SAUDABLE 2019-2020)
- Publicación no taboleiro de anuncios desde o 26.09.2019 ata o 03.10.2019
- Anuncio Faro de Vigo de 27.09.2019
- Resolución de Alcaldía 2019-1499 de 15.10.2019 de aprobación provisional de Admitidos e Excluidos con nomeamento do Tribunal do proceso selectivo para a contratación dun monitor deportivo “Bueu Concello saudable 2019-2020”

Normativa de aplicación

- Lei 7/1985, de Bases do Réxime Local.





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

- Real Decreto Legislativo 781/1986, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Real Decreto 500/1990, que desenrola a Lei de Facendas Locais en materia de presuposto e gasto público.
- Orde EHA/3565/2008, de 03 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades Locais.
- Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, do Emprego Público de Galicia.
- Real Decreto Legislativo 2/2015, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos Traballadores.
- Bases de Execución do Orzamento en vigor.
- Lei 6/2018, de Orzamentos Xerais do Estado para 2018.
- Real Decreto 364/1995, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado.
- Real Decreto 861/1986, polo que se establece o réxime das retribución do persoal ao servizo da Administración Local.
- Bases reguladoras asinadas pola Concelleiro Delegada de Deportes e saúde pública en data 12/09/2019
- Convenio Colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Bueu.

Segundo o establecido nas Base sexta da convocatoria, rematado o prazo de presentación de documentación o Alcalde ditará resolución declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución será publicada no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, na súa páxina web (<https://concellodebueu.gal>) e no taboleiro de anuncios electrónico da sede electrónica do Concello de Bueu.

Na mesma resolución determinarase a composición do tribunal cualificador. Os/as aspirantes excluídos/as, dispoñen dun prazo de 2 días, contado desde o seguinte ao da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, nos termos do artigo 76 da Lei 39/2015 de 1 de Outubro, de Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas, así como poderán comunicar a abstención e/ou solicitar a recusación dos membros do tribunal, coas causas e procedementos previstos nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de Outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

2. Posteriormente, o Alcalde declarará aprobada a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no taboleiro de anuncios, na páxina web do concello e no





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

taboleiro electrónico da Sede electrónica do Concello de Bueu. Na mesma resolución determinarase o lugar e data de celebración da proba do proceso selectivo. De non existir aspirantes excluídos/as elevará a definitiva a lista provisional na mesma resolución de aprobación.

3. Mediante Decreto de Alcaldía 2019-1499 de 15.10.2019 prestouse aprobación provisional de admitidos e excluídos e nomeamento do Tribunal do proceso selectivo para a contratación dun monitor deportivo “Bueu Concello Saudable 2019-2020”

Logo da publicación desta Resolución adoptada, detectouse un erro involuntario en canto a omisión na mesma dun dos aspirantes que presenta solicitude en prazo e declara que cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

Polo que,

Á vista dos antecedentes e as consideracións legais e técnicas expostas, esta Alcaldía, de acordo coas facultades orixinariamente atribuídas segundo disposto no artigo 21, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, coas modificacións introducidas a ésta, o artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia e resto da normativa concordante.

RESOLVO:

1. Admitir definitivamente ós aspirantes que solicitaron participar neste proceso selectivo, en canto declaran que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria que rexe este proceso selectivo, que se indican no anexo I.
2. Admitir definitivamente a FRANCISCO JAVIER IGLESIAS ESCARIZ, presentada solicitude con data 27.09.2019 num. 2019-E-RE-1560
3. En canto da documentación obrante no expediente non consta que se teñan presentado solicitudes fora de prazo ou con deficiencias que sexa preciso subsanar, resólvese non excluír definitivamente ningunha das solicitudes presentadas.
4. En canto non se presentaron alegacións e/ou recusacións contra o Nomeamento do Tribunal, Nomear definitivamente o Tribunal cualificador que xulgará este proceso selectivo e os seus suplentes:

Presidente:

Titular: Marcos Vázquez Campaña (Interventor Municipal)
Suplente: José Ramón Núñez Iraola (Bibliotecario Municipal)

Secretaria:

Titular: Angela María Agulla Cabodevila, Auxiliar Administrativo no Concello de Bueu
Suplente: José Francisco Budiño Pereira (Xefe de Negociado do departamento de Estatística e Rexistro no Concello de Bueu)





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

Vogais:

Titulares:

Luis Paredes Coya (Profesor IESP Johan Carballeira de Bueu)
Belarmino Barreiro Rosales (Arquiveiro Municipal)
Jaime Sixto García (Tesoureiro no Concello de Bueu)

Suplentes:

Araceli C. Pérez Morán (Xefa de Negociado do departamento de Intervención)
María Dolores Loira Rodríguez (Traballadora Social no Concello de Bueu)
María del Carmen Juncal del Río (Auxiliar Administrativo no Concello de Bueu)

Todos os membros do tribunal actuarán con voz e voto.

O tribunal cualificador non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de alomenos, tres dos seus membros (titulares ou suplentes, indistintamente) e, en todo caso, coa asistencia do /a presidente/a e do/a secretario/a.

Os membros do tribunal cualificador deberán absterse de intervir, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no art 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do sector público

O Tribunal quedará facultado para resolver todas as dúbidas que puideran xurdir na aplicación destas bases e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas presentes bases.

A actuación do tribunal rexerase polo disposto nas presentes bases e na Lei 39/2015.

5.- Convocar ós aspirantes seleccionados á celebración da proba que terá lugar o MARTES 22 DE OUTUBRO de 2019 ÁS 10.00 HORAS no Centro social do Mar sito na Rúa Montero Ríos (á carón da Praza de Abastos).

O exercizo, de conformidade co previsto na base oitava da convocatoria desenvolverase nun único exercicio obrigatorio e eliminatorio e consistirá en contestar por escrito un cuestionario tipo test, de 20 preguntas con respostas alternativas baseadas no contido do programa da convocatoria que figura no anexo I, no tempo de realización que acorde o tribunal antes do seu comezo. Cada pregunta constará de 4 respostas, sendo válida só unha delas. O exercicio será cualificado de 0 a 10 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación de 5 puntos para superalo. O tribunal establecerá o nivel de coñecementos mínimo dos aspirantes para obter a puntuación de 5 puntos.

Para poder realizar o exercizo da oposición, os aspirantes deberán vir provistos dun documento identificativo da persoa (DNI ou semellante)

6.- Publicar o contido desta Resolución no taboleiro de anuncios do Concello, na Páxina Web do Concello <https://concellodebueu.gal/> e no Taboleiro de anuncios electrónico do mesmo.

(Documento asinado electronicamente á marxe)





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

ANEXO I

NOME	N.º REGISTRO	DATA PRESENTACIÓN
CASAS POU, CRISTINA	5272	01-10-2019
CHAPELA PASTORIZA, CARMEN	5212	30-09-2019
CURRAS RODRIGUEZ, JACOBO	5185	27-09-2019
DEAN MAGADAN, CARLOS	2019-E-RC-5282	02-10-2019
ESTONLLO SABARIS, IRIA	2019-E-RC-1588	02-10-2019
FERNANDEZ CASALDERREY, GONZALO	5180	27-09-2019
FERNANDEZ CELIX, NURIA	2019-E-RC-5340	03-10-2019
FERNANDEZ PAZ, GUILLERMO	5298	02-10-2019
FERNANDEZ PEREZ, DAVID	5232	30-09-2019
GAGO IGLESIAS, SAMUEL	5193	27-09-2019
GARCÍA GÓMEZ, SARA	5223	30-09-2019
GARCIA PASCUAL, MARCOS	5262	01-10-2019
GASTAÑADUY LAGO, JUAN	5253	01-10-2019
GULIAS GARCÍA, JOSE RUBEN	5254	01-10-2019
IGLESIAS COMESAÑA, LAURA	5366	03-10-2019
LOUREIRO IGLESIAS, PABLO	2019-E-RC-5208	27-09-2019
MARTINEZ JUNCAL, ALBA	5240	30-09-2019
OBELLEIRO ARGIBAY, MARTÍN	5230	30-09-2019
RICÓN ALONSO, PATRICIA	5222	30-09-2019
RODAL ALVAREZ, SARA	2019-E-RC-5349	04-10-2019 (FAX 03-10-2019, presentación Xunta)
RODRIGUEZ MARTINEZ, ANTONIO	5294	02-10-2019
RODRIGUEZ PUGA, ENMA	2019-E-RC-5280	02-10-2019
RON MIRÁS, ROBERTO	5336	03-10-2019
SANMARTIN GARCIA, JORGE	2019-E-RC-5210	30-09-2019
SEIJAS CHAPELA, CELESTE	5224	30-09-2019
SIMES MENDEZ, ELIAS	5241	30-09-2019
SOTELO GONZALEZ, FERNANDO	5343	03-10-2019
TABOADA FERRO, ANA	5181	27-09-2019
URÍA MUÑIZ, IVO	2019-E-RC-5209	27-09-2019

